



Parlamento das Letras: Suso de Toro

Publicado o [17/04/2013](#)

Unha vez Suso de Toro declarou que a súa escrita vivía toda ela entre pantasma, como se unha sorte de espectros tutelares guiasen os pasos dunha narrativa que sempre tivo un moito de expiatoria reconciliación coas sombras interiores que todos acubillamos, o mesmo os individuos que a nación.

Ese imaxinario espectral é o que percorre como unha escura trabe toda a prosa do santiagués. Na primeira hora impúxose a necesidade de se recoñecer fronte ao espello, de entenderse nese outro fantasmagórico dunha sociedade que abalaba entre o pasado e o presente debrocada nun gran Caixón desastre, á busca dun centro de gravidade permanente, unha pedra de nadir na que afincar os pés logo de tanta vertixe subidos ao Land Rover, disparando a Polaroid, sempre perigosamente en Ambulancia e coa orella apegada á canción pirata da FM.

Ese debate interno, ese repensar o mundo como unha mesta néboa tras da que boureamos doídos e inconexos, atuados de ruído e furia, é o alimento nanolóxico de Tic tac, da alegoría omnímoda A sombra cazadora, mesmo das ánimas que regresan para a Conta saldada, burleiras sabedoras de que Unha rosa é unha rosa, que o pasado pesa como un morto e o mal asexo decote e en Círculo, tras Trece badaladas enigmáticas e o rancor infindo dun Home sen nome, nesa hora derradeira na que todo se reduce xa apenas a Sete palabras.

Pero cando un é un médium para os espíritos das palabras —pois non outra cousa é un escritor como Suso de Toro—, as almas desencarnadas da verba acénanlle infatigables. Porque esas presenzas precisan explicarse, aínda que sexa postumamente. Velaí a razón de que os oráculos que Suso de Toro foi deitando estes últimos anos na sección Galicia do xornal El País vaian ver luz, en breve e por man de Edicións Xerais, no libro Inmateriais.

Suso de Toro habita entre silencios narrativos. Por iso ten tanto valor que deixase latir aquí, lene, o murmurio dun río que vén de tan lonxe como a propia vida: a voz umbrosa de quen segue a loitar por se orientar, varado na tormenta.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

A primeira vez que me publicaron algo, cousa que me fixo grande ilusión creo lembrar, foi na revista do Colexio Peleteiro, *Vamos*. Estaba no segundo de bacharelato daquel entón, así que tería eu doce ou trece anos, cousa do ano sesenta e oito ou sesenta e nove. Foi unha pequena redacción de tema libre. Eu escollín facer unha estampa coas lembranzas da aldea da miña nai, pedinlle permiso á profesora, dona Carme, para facela en galego e ela (era de Valladolid) concedeumo e mesmo lle fixo graza. Anos máis tarde, no Instituto Arcebispo Xelmírez de

Santiago, leei a outros compañeiros para armar unha revista, un único número demos feito, e alí publiquei o meu primeiro conto, tituleino “A fiestra” (hoxe está publicado nos apéndices dun libro, *Conversas con Suso de Toro*, de A. Pedrós-Gascón).

Polo medio premiáronme un conto nun concurso do Colexio Peleteiro que naquel ano se chamou “Valle-Inclán” (supoño que terían que mudarlle o nome polo permiso dos herdeiros do escritor). Mandeino en castelán, pois non fiaba no meu manexo do galego como para ter oportunidade de gañar. Nunca se publicou e perdino. Como perdín outros contos posteriores até o ano 82, no que concursei no Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro e gañei un accésit, coa conseguinte publicación nun volume colectivo (Edicións do Castro).

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Teño a conciencia de que S de T é un autor que non mereceu moita atención da crítica e de que se fala do autor sen ter lido a súa obra, cousa que pode que se deba a que publicou moita, uns trinta libros de diverso carácter e iso mereceríalles aos críticos unha atención que consideraron excesiva.

Ao meu modo de ver, pasaron desapercibidos *Círculo*, que me semella un libro valioso en por si; *Land Rover* no seu día, aínda que pode que fose atendida despois, iso xa non o sei; coido que *Home sen nome* non foi valorado no que debera, aínda que entendo que é un libro moi duro en varios aspectos e sería recibido de igual modo noutras literaturas. E *Sete palabras*, pode que o meu mellor libro, foi ben tratado pola crítica, mais non recibiu a atención do público e, por primeira vez desde os meus comezos a principios dos oitenta, un libro meu non conseguiu chegar á segunda edición. Entendín que era outro signo que me indicaba que o meu tempo xa pasara.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Adoitaba acender a música, ben a Radio Clásica ou ben algunha gravación que eu escollía. Logo, sentaba, abría o diario (unhas “bitácoras” nas que fun tomando notas desde os anos oitenta) e facía algún apuntamento. Máis logo xa abría o arquivo no ordenador e íame achegando ao texto escrito até ese momento.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Esas preguntas non se fan e se se fan, non se deben contestar.

S de T nunca sempre se viu nun contexto particular, sendo moi consciente das relacións entre o que escribía e o contexto da literatura e cultura galega. Escribiu seguindo un programa literario moi ao seu xeito e movéndose sempre. Ten dito que non era un “escritor galego”, referíndose a que a lingua escollida condicionábao porque o situaba a mercé dos críticos e dos lectores en galego, mais non estética ou ideoloxicamente. Con todo, penso que esa afirmación non é enteiramente certa, pois hai pasaxes e aínda algún libro seu que se explica precisamente pola dialéctica coa literatura galega existente naquela altura.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Cousa difícil. Fun o escritor que podía ser sendo como son eu: antiacadémico, incómodo para os demais, amigo da brincadeira e, ao tempo, grave, ousado, inqueda, apreciador de cousas moi distintas e aínda contraditorias, esquivo e ás veces brutal. Fun un escritor moi independente, porque o precisaba e tamén porque entendo que un artista debe vivir así.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Desde que abandonei a escrita literaria, van alá tres anos, mudei as miñas lecturas e son menos esixente. Sigo a ler ensaios sobre temas de estética ou literatura, cultura etc. e romances que me entreteñan. Agora mesmo estou a ler un romance dunha escritora tan humilde como deliciosa, Anne Tyler.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

A literatura galega ten mudado moito desde que eu comecei a publicar, de modo que críticas ou consideracións que fixen nos anos oitenta (algunhas recollidas en *F.M.*, Edicións Positivas) hoxe xa non serían tan pertinentes. En galego escríbense na actualidade cousas moi diversas e con moita liberdade. É unha literatura interesante e viva. O que non ten é o que non está nas súas mans, o que non lle dá o país: apoios. Carece de atención nos medios de comunicación, puramente colonizados, e do apoio do poder político: nunca o tivo. Nunca. Nin sequera o goberno bipartito na Xunta permitiu que a literatura na nosa lingua chegase á sociedade.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

S de T xa deixou escrito o que tiña que deixar. *Sete palabras* é unha palabra final para as tres décadas e os trinta libros. Ficou *Chuvia*, un romance empezado, unhas vinte e algo páxinas que de seguro xa non terán continuidade e o comezo dunha obra teatral ou romance, non estaba claro. Na miña intención está rematar esa obra algún día, con tempo e sen esperanza de cousa ningunha.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Cando S de T comezou a publicar tiña tamén a intención de modificar esteticamente e tamén na ideoloxía subxacente e mesmo modificar as relacións cos lectores, encontrar outro público non necesariamente ideolóxico. Non se entenden libros dos oitenta como *Caixón desastre*, *Polaroid*, *Land Rover* e *Ambulancia* se non é desde eses presupostos. Nin tampouco se poden entender as actitudes públicas do S de T. Hoxe vexo que mudaron esas cousas, o que si que gañamos e logo perdemos foi o público lector. Alguén terá que pararse a analizar por que nos anos noventa e principios da década do dous mil se foi construindo un público para a literatura galega e hoxe semella estar case perdido.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Non se me ocorre nada.